

Riotorto, 16 de maio do 2007

Sr Alcalde-Presidente

Concello de Riotorto

Estimado señor Alcalde do Concello de Riotorto :

Para o seu coñecemento e efectos, desexo manifestar o meu descontento polo menoscabo que coa lingua propia deste país ten a entidade que vostede preside.

Desexo facerlle constar que nos agradaría que toda a documentación incluíndo por suposto os escritos do señor secretario municipal, estivesen na nosa lingua.

Coido que non está de máis lembrarlle algúns artigos da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, lei que estase a incumprir por entidades como a que vostede preside:

* Artº 4.1. O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma.

* Artº 6.3. Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.

E tamén o disposto pola Lei 5/1988 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

* Disposición transitoria 1ª: As entidades locais que non estean en condicións de incorporar de contado o galego como lingua normal nos actos escritos da Administración dispoñerán dun prazo de dous anos a partir da publicación desta Lei para adoptar acordo sobre a realización material do disposto nela e darlle cumprimento. (dous anos de prazo dende 1988, e xa pasou máis dunha década).

Xa que logo, perante do incumprimento do seu incumprimento da Lei, esixolle un cambio completo de actitude, e que a totalidade dos seus escritos, publicidades, etc. se fagan na lingua propia deste país.

Pedro Castañal Fernández
Voceiro da Asociación Arrincadeira